



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE 08 DE ABRIL DE 2016

Na Sala de reunións do servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, as 09:25 horas do día 08 de abril de 2016, reúnese a mesa de Contratación do concello de Vigo convocada polo Presidente o día 06-04-2016, para tratar os asuntos do orde do día que figuran en dita convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. David Regades Fernández

Vocais:

Dna. Susana García Alvarez.
Dna. Catalina Alfayate Rodríguez.
D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.
D. Miguel Fidalgo Iglesias.
D. Pedro María Vázquez.

Secretario: D. José Manuel Vieites Alén

ORDE DO DÍA:

1.- Apertura de ofertas económicas

a) Procedemento aberto para a contratación do mantemento de instalacións de alumeado público, tuneis, pasos inferiores, galerías de servizos, fontes e instalacións de enerxías renovables do concello de Vigo. (expediente 15857-444).

En acto público abriuse o sobre que contén a oferta económica, o resultado foi o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:09	Páxina 1 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AE42-C7D2BA-5H4AD7-M8DPBA-B9QQPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Empresas licitadoras	Prezo ofertado	Incre. Luminarias		Nº de vanos soterrados	nº de kit comunicación	nº susb liñas soterradas	nº de cadros inst	red prazo inst luminarias	Incre.% aportación económica
	C/ive	Incre.	Total						
AERONAVAL DE CONSTRUCCIONES E INSTALACIONES, S.A.	11446749,91 €	-	5000	-	-	-	-	-	-
OHL SERVICIOS INGERSAN, S.A.	10532175,59	900	5900	-	20	-	-	3	20,00
U.T.E EXTRACO S.A-SIELVIGO S.L.	8.744.857,55 €	900	5900	-	20	-	-	3	20,00
URBASER, S.A.	9.888.647,95 €	900	5900	-	-	-	30	3	10,00
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	8.968.595,72 €	900	5900	-	8	22	12	3	11,00
ALUMBRADOS VIARIOS, S.A.	9.044.942,24 €	900	5900	-	-	-	30	3	15,00
U.T.E FERROVIAL SERVICIOS, S.A.-ESTACIONAMIENTOS Y SERVICIOS, S.A.U	9.331.241,70 €	900	5900	-	-	66	12	3	50,00
U.T.E IMESAPI, S.A.-FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.A.-FCC INDUSTRIAL E INFRAESTRUCTURAS ENERGÉTICAS, S.A.U.	9.119.168,03 €	900	5900	-	-	-	30	3	40,00
SECIEDAD ESPAÑOLA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A.	9.956.859,04 €	450	5450	-	-	-	30	3	10,00
SOCIEDAD IBÉRICA DE CONSTRUCCIONES ELÉCTRICAS, S.A.	10.023.662,25 €	900	5900	-	20	-	-	3	11,13
TECNOCONTROL SERVICIOS, S.A.	10.057.733,59 €	900	5900	8	8	11	12	3	10,00

A mesa por unanimidade acorda excluir a oferta presentada por Aeronaval de Construcciones e Instalaciones, S.A., por supera-lo tipo de licitación.

Asistiron ao acto público:

- D. Rubén Galiñanes Fernández en nome de Sielvigo, S.L.
- D. Manuel Fernández Balboa en nome de Urbaser S.A.
- D. Juan Jose Marsillach Martinho en nome de ACISA
- D. Jorge A. Perez Castillo en nome de Ferrovial Servicios
- Dna. Natalia Zunzunegui Garrido en nome de Estacionamientos y Servicios, S.A.
- D. Marcos Fernández en nome de EYSA.
- D. Ramón Comesaña Alonso en nome de IMES_API, S.A.
- D. Ismael Bouzas Veiga en nome de URBASER.

As ofertas presentadas pasan a informe do servizo xestor do contrato.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística "Vigo en Inglés 2016". (expediente 17468-332).

En acto público abriuse o sobre que contén a oferta económica, o resultado foi o seguinte:

New Link, S.L.: Propón como prezo do contrato o de 597.740 euros e un prezo unitario por alumno de 2.299 euros.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:09	Páxina 2 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AE42-C7D2BA-5H4AD7-M8DPBA-B9QQPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Propón un incremento de 10 alumnos a maiores dos 260 contemplados no punto 4.1 da cláusula cuarta do Prego de prescricións técnicas.

Propón un incremento de 4 monitores/as por riba do mínimo dos requiridos no punto 4.4.1 da cláusula cuarta do PPT.

Propón un incremento da porcentaxe de monitores que acrediten un nivel de inglés superior ao mínimo esixido de B2, segundo a táboa de certificacións establecidas no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER) de 100 (%).

Propón un incremento de coberturas do seguro de responsabilidade civil e accidentes a maiores das requiridas como coberturas obrigatorias no punto 4.8 da cláusula cuarta do PPT. Deberán especificarse as coberturas ofertadas.

Aumento cobertura RC 1.000.000 euros.
Coberturas en fisioterapia e quiropráctica.
Odontoloxía urxente accidental.

Comprometese a aportar as seguintes melloras dos requisitos mínimos esixidos para o curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa:

- Propón un incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento lingua inglesa a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.
- Propón unha redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima requirida no citado curso específico a desenvolver de conformidade co establecido no punto 4.3.2 da cláusula cuarta do PPT.

2.- Proposta de clasificación.

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446).

En execución da resolución do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de 05-10-2015, polo que se estima o recurso presentado pola empresa Valoriza Servicios Medioambientales, S.A., contra a súa exclusión deste procedemento, é necesario retrotrae o procedemento ao momento da clasificación das ofertas presentadas tendo en conta ao citado licitador.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:09	Páxina 3 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AE42-C7D2BA-5H4AD7-M8DPBA-B9QQPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das ofertas presentadas, se propón á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2º TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “procedemento aberto para a contratación dos servizos de conservación e reposición de zonas verdes do concello de Vigo (expediente 7614-446)” no seguinte orde decrecente:

1. VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A.	98.29
2. ALTHENIA,S.L.	92.32
3. UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE- EL EJIDILLO	91.74
4. API MOVILIDAD	89.97
5. UTE INGESAN-OHL	88.52
6. ORTO PARQUES Y JARDINES S.L.	87.42
7. UTE MACRAUT INGENIEROS S.L – SOGESEL DESARROLLO Y GESTIÓN S.L.-ARCEBANSA S.A.EULEN,S,A.	82.52
8. ABSA.	80.94
9. TALHER,S.A	64.66
10. ELSAMEX,S.A.	63.36
11. GESECO, S.A	50.88
12. EULEN,S,A	42.13
13.-GRUPO RAGA, S.A.	35.16

Segundo.- Requiritr ao licitador clasificado en primeiro lugar, VALORIZA SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- A documentación esixida na cláusula 8 do prego de cláusulas administrativas particulares.
- Póliza do seguro de responsabilidade civil por importe mínimo de 3.000.000 €.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Terceiro.- Requiritr ao citado licitador o aboamento de 623,24 euros en concepto de custe dos anuncios de licitación”.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:09	Páxina 4 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AE42-C7D2BA-5H4AD7-M8DPBA-B9QQPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO CONTRATACIÓN

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión as 10:15 horas. De todo elo eu secretario dou fe.

V.e Pr.

O Presidente da Mesa

O Secretario

D. David Regades Fernández

D. José Manuel Vieites Alén



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 05:09	Páxina 5 de 5
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A9AE42-C7D2BA-5H4AD7-M8DPBA-B9QQPN-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		